

HORARIOS:



Información Médica:

Mañás: 13:00 h a 14:00 h

Tardes: 19:00 h a 20:00 h

Horario Visitas:

09:30 h a 10:00 h

13:00 h a 14:15 h

16:30 h a 18:00 h

19:00 h a 21:00 h



UNIDADE DE CUIDADOS
INTENSIVOS
PEDIÁTRICOS
H. Álvaro Cunqueiro
4ª Planta, Bloque Técnico – Vela F

INFORMACIÓN
PARA AS FAMILIAS



Tfno. 986 825650



Presentación

O ingreso nunha Unidade de Coidados Intensivos é un momento difícil pola alteración do estado de saúde da persoa e a separación da súa familia e o seu ámbito habitual, o que se incrementa máis aínda no caso dun neno. Esta situación pode xerar momentos de angustia, medo e frustración.

Conscientes diso, queremos ofrecerlle a mellor atención e coidados ao noso alcance, tanto en medios humanos como materiais e técnicos. Facilitámoslle unha serie de indicacións con finalidade de que todo funcione axeitadamente, sendo imprescindible a súa colaboración no seguimento e respecto das normas que aquí expoñemos.

Normas da Unidade



- PARA ACCEDER á unidade lavarán as mans seguindo as instrucións do persoal. Se padece algún proceso infeccioso **comuníqueo ao persoal** antes de entrar, así como calquera dúbida ou problema que considere.
- OS MENORES DE 14 AÑOS non poderán visitar a UCI Pediátrica sen autorización do persoal, debido a que supón un alto risco de infección e un estrés emocional importante.
- PODERÁN PERMANECER na sala de hospitalización a nai, pai ou titor legal. Só se permite a estanza de dúas persoas ao mesmo tempo por paciente. Só un dos proxenitores ou titor legal poderá acompañar ao neno-a a partir das 22,30 horas.
- AUSENTARANSE da unidade durante a hixiene dos nenos, cambios de quenda, realización de procedementos e o pase de visita médica, o que engloba os seguintes horarios:

De 07:00 a 09:30 horas
De 10:00 a 13:00 horas
De 14:15 a 16:30 horas
De 18:00 a 19:00 horas
De 21:00 a 22:30 horas
- O RESTO DE FAMILIARES, poderá visitar ao neno/a no horario habitual, de 20:00 a 21:00 horas. Sábados, domingos e festivos poderán visítalo tamén en horario de 13:00 a 14:00 horas. Previa consulta e autorización do persoal, durante este horario, permitiranse dous intercambios de dúas persoas.
- NON SE PERMITE INTRODUCIR alimentos, biberóns, plantas ou flores frescas na UCI Pediátrica.
- DEBE MANTER O MÓBIL EN MODO SILENCIO.

*O horario da visita e a súa duración poden ser alterados en función das necesidades asistenciais que existan na Unidade.
Nese caso, deberá seguir as instrucións do persoal.*



Observacións

- ~ **Por necesidades de atención e coidados** é posible que sexa preciso pedirlle que saia da UCI Pediátrica, nese caso deberán regresar á sala de espera, agradecéndolles que non permanezan no corredor. No momento que sexa posible, facilitaráselles de novo o acceso.
- ~ **Podería ser necesario restrinxir as visitas** aos nenos-as ingresados porque sexa desaconsellable ou incompatible en certas situacións de gravidade e/ou conforme a criterios clínicos, **explicando esas circunstancias puntualmente.**
- ~ **Evite ruídos innecesarios** co fin de crear un ambiente tranquilo que permita manter o descanso e a estabilidade emocional do neno/a.
- ~ **Debe centrar a súa atención exclusivamente no seu fillo/a,** evitando os desprazamentos pola unidade para non interferir no coidado doutros nenos/as. **Queda prohibido facer fotografías, vídeos ou chamadas** na sala de hospitalización da UCIP.
- ~ **Recomendamos que se tomen descanso axeitados durante a estanza do seu fillo na Unidade.** Entre os horarios de visita, tomen tempo para coidarse e estar co resto da familia... Lembre que a súa saúde tamén é moi importante para seguir apoiando ao seu fillo.
- ~ **Se desexa designar a outro membro da familia** para acompañar ao seu fillo durante o horario para país, **deberá consultar co persoal** a cargo do neno/a.
- ~ **Se está lactando ao seu fillo/a,** notifiqueo ao persoal para continuar a lactancia tan pronto como o estado de saúde do neno/a o permita e sexa indicado polo facultativo responsable.
- ~ As familias **dispoñen dunha sala de espera** na zona central da planta.



GRAZAS POLA SÚA
COLABORACIÓN